



DENOMINACIÓN	Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción
CÓDIGO PROCEDEMENTO	VI406I
PUBLICACIÓN	DOG número 98, do 23 de maio de 2025. Resolución pola que se regula o Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da promoción de vivenda protexida de nova construción e se convoca o acceso ao dito fondo para a anualidade 2025 (Código de procedemento VI406I).
OBXECTO	Apoiar o financiamento das actuacións de promoción de vivenda protexida de nova construción, por medio de préstamos sen xuros que serán reintegrados polos concellos nas condicións e prazos fixados na correspondente convocatoria.
PROCEDEMENTO	O procedemento de acceso ao financiamento iníciase de oficio, mediante a correspondente resolución de convocatoria.
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Desde o 02/06/2025 ata o 15/10/2025
REQUISITOS DOS SOLICITANTES	Todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
ACTUACIÓNS FINANCIADAS	a) A promoción de vivenda protexida de nova construción, directamente ou a través de outros promotores públicos ou privados. b) As de urbanización dirixidas ao paso dun ámbito de solo da situación de rural a urbanizado para crear, xunto coas correspondentes infraestruturas e dotacións públicas, unha ou máis parcelas aptas para a edificación ou uso independente e conectadas funcionalmente coa rede dos servizos esixidos pola ordenación territorial e urbanística.



	c) A adquisición de solo para a promoción de inmobles de nova construción para a súa cualificación como vivendas protexidas.
IMPORTE	O importe será solicitado polo concello e non poderá exceder do orzamento da actuación financiada, co límite de que ningún concello poderá presentar unha ou varias solicitudes de disposición de fondos que, individual ou conxuntamente, excedan do 40% do total do importe co que está dotado o Fondo de cooperación (10.000000 €)
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE	• Certificado do acordo municipal de solicitar o acceso ao Fondo de cooperación coas mencións mínimas recollidas no ordinal noveno punto 1.a) da resolución de convocatoria. • Memoria descritiva da actuación para a que se solicita o financiamento, asinada polo correspondente responsable municipal, co contido mínimo especificado no ordinal noveno punto 1.b) da resolución de convocatoria. • Documento administrativo acreditativo da dispoñibilidade do solo, no suposto de actuacións de promoción de vivendas protexida de nova construción. • Xustificación do Intervención municipal competente da proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada, de acordo co principio de sostibilidade financeira. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento. • Compromiso asinado polo órgano municipal competente de non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público. • Reportaxe fotográfica da actuación realizada no momento de presentar a solicitude e certificado do órgano municipal competente no que se indique que nesa data as actuacións non están rematadas, con indicación da súa porcentaxe de execución, no suposto de que as actuacións estean iniciadas con carácter previo á presentación da solicitude.



FORMA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	• Obrigatoriamente presentación electrónica.
INFORMACIÓN	• SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529 • DIRECCIÓN TÉCNICA DE AXUDAS Á VIVENDA..... 981957887
CONSULTAS	planificacion.igvs@xunta.gal